

I CONGRESO GALEGO DE XESTIÓN  
DEPORTIVA

29 de Marzo de 2008

Pazo de Congressos (Santiago de Compostela)

**“O SISTEMA DEPORTIVO GALEGO”**

**Javier Rico Díaz**  
**Xerente Fundación Deporte Galego**

## **1. INTRODUCCIÓN.**

Por sistema deportivo, entendemos o conxunto de todos aqueles elementos relacionados entre sí, segundo unha orde, e que contribúen ao desenvolvemento do deporte en todas as súas manifestacións.

O deporte nas sociedades modernas, constitúe un axente promotor da calidade de vida da poboación, da saúde, da educación, e de organización comunitaria. Asemade, é un factor que impacta fortemente na economía e o emprego.

O alto ritmo de desenvolvemento da actividade física e o deporte é obxecto de atención dos poderes públicos someténdose de tal xeito á acción política. Por iso, para que os poderes públicos poidan levar a cabo unha planificación social sobre este ámbito, é necesario coñecer polo miúdo a realidade social da actividade física e o deporte, as interrelacións entre as principais variables do sistema deportivo, os mecanismos que explican os cambios da poboación con respecto ás prácticas físico-deportivas, etc...

Resulta case unha obviedade o feito de afirmar hoxe en día que o interese da poboación en xeral pola práctica físico-deportiva creceu significativamente nos último anos, podendo observar claramente como a práctica deportiva se converteu nun aspecto cada vez máis cotidá e habitual na sociedade galega.

O sistema deportivo galego debemos analízalo non só atendendo ao deporte estruturado, senón tamén tendo en conta calquera práctica físico-deportiva indepedentemente de que se estableza en base a un sistema organizado ou que se practique de forma libre polos cidadáns. Isto ocasiona moitas dificultades para atender ás demandas crecentes por parte da poboación, tendo que establecer criterios cada vez máis rigurosos de racionalización e planificación na xestión pública e privada, na construción de

equipamentos deportivos e en xeral dos recursos materiais que se adican á promoción do deporte.

Con esta poñencia pretendemos mostrar unha visión global dos elementos que forman parte do “Sistema Deportivo Galego” e da súa interrelación. Asemade, queremos salienta que non existe unha única visión do sistema deportivo, senón que segundo o criterio que se estableza poden existir diferentes interpretacións dada a complexa estrutura de interrelación entre os seus elementos que está permanentemente en proceso de cambio.

## 2. ELEMENTOS DO SISTEMA DEPORTIVO GALEGO.

Os elementos máis significativos que constitúen o sistema deportivo, son:

- a) **O ordenamento xurídico do sistema deportivo.** É o marco que aglutina e confire unha determinada orde, establece relacións e contén a normativa pola que se desenvolve o sistema deportivo no seu conxunto e cada un dos elementos que o constitúe.

O deporte constitúe un ámbito da realidade que dada a súa crecente importancia, medida tanto en aspectos cuantitativos como cualitativos, non pode permanecer axeno á intervención dos poderes públicos pese á súa incuestionable vertente privada. A partir da Constitución Española de 1978 a regulación do fenómeno deportivo acadou unha consagración definitiva. Ata entón non fora obxecto dunha regulación global. A Constitución configurou no seu artigo 103 o servizo obxectivo das Administracións Públicas ao interese xeral; a intervención pública no deporte concretouse no artigo 43.3 que dispón "Los poderes públicos fomentarán la educación sanitaria, la educación física y el deporte. Asimismo facilitarán la adecuada utilización del ocio."

Concorren, na intervención pública no deporte, a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e a Administración Local, de acordo co marco competencial asumido.

Asemade, o ámbito do deporte complétase coa intervención de numerosos axentes privados entre os que destacan, non só pola súa importancia senón tamén polo seu peculiar réxime xurídico, o sector privado non lucrativo e o sector privado mercantil. A presenza deste último sector está aumentando paulatinamente como alternativa ao deporte competitivo; desde os anos oitenta, produciuse unha eclosión de múltiples e novas modalidades físico-deportivos que se xeraron fóra do sistema deportivo estruturado e principalmente promovidas polo sector privado mercantil: o “deporte de aventura” é o espazo privilexiado onde os seus practicantes experimentan de forma voluntaria co risco nun tempo de ocio para despois facer fronte, en mellores condicións, ao risco social en xeral.

O réxime xurídico do deporte concretarase por tanto na existencia de ámbitos estrictamente privados que se rexerán polas normas de dereito privado e outros, expresamente sinalados na lei, aos que haberá que aplicar as normas de dereito administrativo. Ditas normas son:

- Normas xerais emanadas dos poderes públicos (Unión Europea, Estado, Comunidades Autónomas, Corporacións Locais, etc...) que inciden dalgunha maneira no ámbito deportivo.
- Normas emanadas dos poderes públicos, específicas para o deporte.
- Normas emanadas das entidades que integran a organización deportiva privada.
- Marco Legal:
  - o Constitución Española 1978.
  - o Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia.
  - o Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte.

- Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia.
- Real Decreto 1.251/99 de 16 de xullo, sobre Sociedades Anónimas Deportivas.
- Real Decreto 1363/2007, de 24 de outubro, polo que se establece o ordenamento xeral das ensinanzas deportivas en réxime especial.
- Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes”.
- Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas.
- Decreto 198/1998, do 25 de xuño, polo que se constitúe o Comité Galego de Xustiza Deportiva e se establece o procedemento de designación dos seus membros.
- Orde do 28 xullo de 1995 pola que se desenvolve o Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas.
- Orde do 3 de abril de 2006 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.
- Lexislación reguladora de asociacións, fundacións, etc....
- Lexislación reguladora do mecenazgo, contabilidade non lucrativas, fiscalidade, etc.....
- Etc....

- b) A estrutura deportiva.** Está conformada polo sector público, con diferentes competencias segundo o seu ámbito territorial, un sector privado sen ánimo de lucro representado polo tecido asociativo e un sector privado mercantil. A estrutura deportiva está conformada por:
- *Sector público.*

- Órganismo Internacionais.
- Consello Superior de Deportes.
- Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.
- Administracións Locais.
- Universidades.
- Centros de ensino.
- Fundacións do Sector Público.
- Organismos Autónomos adscritos a Administracións.
- Outras figuras do sector público.
- Etc...
- *Sector privado, sen ánimo de lucro* representado polo tecido asociativo.
  - Estatal:
    - Comité Olímpico Español.
    - Comité Paralímpico Español
    - Federacións Deportivas Españolas.
    - Agrupacións de Clubs.
    - Entes de Promoción Deportiva.
    - Ligas Profesionais e SADs.
  - Galicia:
    - Asociacións Deportivas (Federacións deportivas galegas, Clubs deportivos, Agrupacións deportivas escolares, SADs, Entidades de fomento deportivo, Ligas profesionais)
    - Persoas Físicas: deportistas, directivos/as, usuarios de servizos e instalacións deportivas, etc....
- *Sector privado mercantil.*
  - Empresas prestadoras de servizos.
  - Empresas promotoras de actividade física e deporte como alternativa á práctica deportiva institucionalizada.
- *Outros elementos complementarios á estrutura deportiva.*

- *Espectadores/as e afeccionados/as.* Grazas a eles/as o deporte transformouse na mobilización social de maior transcendencia económica, social e cultural na sociedade actual.
  - *Medios de comunicación.*
- c) **A infraestrutura deportiva.** Constitúe o equipamento necesario para o desenvolvemento das actividades deportivas e cuxa titularidade pode ser pública ou privada.
- d) **Os recursos económicos.** Subvencións, axudas, patrocinios, doazóns, cuotas, etc...
- e) **Os recursos humanos.** Os actores/actrices fundamentais do sistema deportivo: Dirixentes, técnicos, voluntarios, deportistas, etc...

<p><b>3. O SISTEMA DEPORTIVO GALEGO SEGUNDO A LEI 11/1997 DE 22 DE AGOSTO XERAL DO DEPORTE DE GALICIA E A SÚA SITUACIÓN ACTUAL.</b></p>
---

Esta Lei pretendía a ordenación, promoción e coordinación da actividade deportiva en Galicia atendendo á competencia exclusiva na materia atribuída á Comunidade Autónoma no artigo 27.22 do seu Estatuto de Autonomía. Conforme a dita finalidade, a Lei ten como obxecto o fomento, implantación e divulgación da actividade deportiva en Galicia, a todos os niveis, como un medio de lograr o dereito de todo/a cidadán/á, sen ningunha discriminación, ao exercicio e desenvolvemento das súas facultades físicas e intelectuais mediante o libre acceso á práctica deportiva.

Co obxecto de poder analizar como se desenvolveu o sistema deportivo galego a partir da entrada en vigor desta Lei podemos ter que en conta diferentes aspectos reflectidos na Lei:

- a) Competencias das administracións públicas galegas (Xunta de Galicia, Deputacións, Concellos).
- b) Suxeitos da actividade deportiva.
- c) Consideración de actividade deportiva segundo a Lei.
- d) Instalacións Deportivas.
- e) Formación e investigación deportiva.
- f) Xustiza Deportiva.

a) **Competencias das administracións públicas galegas (Xunta de Galicia, Deputacións, Concellos).**

- Competencias do Departamento responsable en materia deportiva da Xunta de Galicia.
  - o Corresponderalle á Administración deportiva da Comunidade Autónoma o exercicio das facultades que lle veñen recoñecidas no Estatuto de autonomía e as funcións previstas nesta lei, así como a coordinación e cooperación coa Administración do Estado e mais coas corporacións locais en materia deportiva.
  - o Será competencia exclusiva da Administración autonómica a autorización e, se é o caso, a denegación motivada da constitución das asociacións deportivas ás que se refire o título III da Lei, así como a aprobación dos seus estatutos e regulamentos.
  - o Será competencia exclusiva da Administración deportiva de Galicia a formulación dos programas de carácter xeral en materia deportiva de ámbito galego aos que deberán atermos as demais administracións e entes públicos e privados nas súas actuacións na materia, sen prexuízo das competencias propias destes.
  - o Será tamén competencia exclusiva da Administración autonómica o recoñecemento de modalidades deportivas.
  - o Será competencia da Administración autonómica, entre outras:
    - Autorizar a realización de actividades deportivas e o desenvolvemento de competicións que afecten as

competencias propias das federacións deportivas galegas no ámbito da Comunidade Autónoma.

- As competicións ou actividades das federacións deportivas galegas entenderanse autorizadas por inscrición destas no Rexistro correspondente, agás prohibición expresa, que deberá ser motivada.
- Efectuar convocatorias de ámbito autonómico para outorgar premios, distincións ou axudas á realización de actividades promotoras do deporte encamiñadas a mellorara presenza do deporte galego nas distintas competicións ou manifestacións deportivas.
- Concederlle as subvencións económicas que procedan, sen prexuízo das que establezan outras administracións públicas, ás federacións e demais asociacións deportivas, garantindo a través das oportunas inspeccións que a actuación delas se axuste aos fins previstos nesta lei e controlando e avaliando a execución dos programas subvencionados.
- Promover a cobertura asistencial e fixar os requisitos de carácter mécodeportivo que deberán ser observados polas federacións deportivas galegas para o outorgamento de licencias aos seus deportistas, promovendo a adecuada protección asistencial mediante convenios entre as federacións coas entidades mutualistas ou coas institucións sanitarias galegas que garantan a asistencia sanitaria dos practicantes con independencia do deporte que realicen.
- Adoptar as medidas de prevención, control e represión do uso de substancias prohibidas e métodos non regulamentarios, destinados a aumentar artificialmente a capacidade física dos deportistas ou a modificar os resultados das competicións.
- Aplicar as medidas necesarias para evitar a violencia no deporte.

- Será competencia das Deputacións Provinciais no ámbito do seu territorio:
  - Fomentar, promover e difundir a actividade deportiva no seu ámbito territorial, facilitando ao máximo a realización de actividades deportivas, en coordinación cos programas xerais da Comunidade Autónoma.
  - Participar na elaboración e execución dos programas xerais da Administración deportiva autonómica que teñan por obxecto a construción e mellora das instalacións deportivas de uso público.
  - Coordinar dentro do programa xeral da Administración autonómica a utilización das instalacións deportivas públicas de titularidade provincial.
  - Exercer cantas funcións e competencias lles estean atribuídas en virtude da normativa estatal, desta lei e das normas que a desenvolven, así como todas as que lles poidan ser transferidas ou delegadas, dentro dos programas xerais aprobados pola Administración autonómica.
  - Executar, se é o caso, por delegación os programas xerais que na materia obxecto desta lei aprobe a Administración autonómica correspondente ao seu ámbito territorial.
  - Colaborar cos concellos na promoción e no fomento da actividade deportiva, en especial no deporte en idade escolar.
  - Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Será competencia dos Concellos:
  - Fomentar e promocionar a actividade deportiva no seu territorio respectivo, nos termos da lexislación vixente e desta lei.
  - Autorizar, de conformidade cos requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e no patrimonio público municipal.

- Promover e tutelar e, se é o caso, executar no ámbito da súa competencia os programas xerais do deporte en idade escolar da Administración autonómica, mediante a colaboración con esta, así como con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.
  - Construír instalacións deportivas de carácter comunitario de conformidade co Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos, velar pola plena utilización das existentes no seu termo, procurando a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso delas, e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
  - Levar un censo actualizado de instalacións deportivas no seu termo.
  - Velar para que nos plans de ordenación urbanística se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte e a instalación de equipamentos deportivos nos instrumentos de ordenación urbanística.
  - Cooperar con outros entes públicos ou privados para levar a cabo o cumprimento dos programas xerais que estableza a Administración autonómica e, en xeral, o cumprimento das finalidades previstas na lei.
  - Fomentar a creación de asociacións deportivas, especialmente nos centros de ensino, nos barrios e nos centros de traballo.
  - Calquera outra facultade atribuída legal ou regulamentariamente que contribúa aos fins ou obxectivos desta Lei.
- Analizando a estruturación das competencias das diferentes administracións que establecía a Lei de 1997, transcurridos 11 anos non foi posible o desenvolvemento íntegro da mesma tal e como

estaba previsto, na maioría dos casos motivado pola insuficiente financiación das administracións públicas citadas para o desenvolvemento da actividade física e o deporte no ámbito dos seus respectivos territorios. Esta dificultade de financiación provocou que as administracións tiveran que priorizar no desenvolvemento de determinadas competencias e non de todas, co obxecto de que as expectativas que se lle crean aos/ás cidadáns/ás poideran executarse e establecer unha continuidade no seu desenvolvemento. Aspectos como a creación de infraestruturas deportivas está totalmente determinado pola consecución de fondos para a súa construción, polo que aínda que exista un bo planeamento de instalacións deportivas se non hai dotación orzamentaria para a súa construción é imposible desenvolver o citado plan.

**b) Suxeitos da actividade deportiva.**

1. Deportista.

- Ten a consideración de deportista, aos efectos desta Lei, toda persoa que practique algunha modalidade deportiva aínda cando non participe en competicións ou non forme parte dunha asociación deportiva.
- Establécese tamén a categorización de deportistas de alto nivel.
- Os deportistas poden ser afeccionados ou profesionais. Á súa vez os deportistas afeccionados poderán ser federados ou non.

No Sistema Deportivo Galego actual temos que identificar diferentes tipos de deportistas:

- a) Deportistas federados que pertencen a algún club deportivo.
- b) Os pertencentes a algún club que non están federados.
- c) Os deportistas que non están federados nin pertencen a ningún club deportivo.

- d) Os que non pertencen a ningún club pero si están federados.

Todos/as eles/as constitúen o compoñente máis dinámico e heteroxéneo do sistema deportivo galego, e aínda que non todos/as están cuantificados/as si que están suxeitos/as a un sistema comunicativo universal, interpretado desde unha perspectiva cultural, que plasma na práxis deportiva a emerxencia dunha figura social común e multitudinaria, aínda que o ámbito onde se leva a cabo sexa extremadamente variable e diverso.

Se ben o número de deportistas “federados/as” mantense nunha liña ascendente normalizada, o número de deportistas que non practican unha actividade física baixo uns parámetros institucionalizados tivo un desenvolvemento importante, principalmente motivado pola aposta do sector privado mercantil pola promoción e dinamización de propostas físico-deportivas modernas e atractivas para públicos que tradicionalmente non adicaban o seu tempo libre á práctica físico-deportiva como práctica saudable e/ou de ocio.

## 2. Asociacións Deportivas:

- a) **Clubs deportivos.** Asociacións privadas con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integradas por persoas físicas, que teñan por obxecto exclusivo ou principal a práctica dunha ou varias modalidades deportivas polos asociados/as, así como a participación en actividades e competicións oficiais.
- b) **Agrupacións deportivas escolares.** Son as Asociacións Deportivas formadas por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, dedicadas exclusivamente á actividade deportiva en idade escolar. Poden formar parte delas os centros escolares, asociacións de pais de

alumnos, concellos, deputacións, federacións deportivas galegas, clubs deportivos e outros colectivos interesados.

c) **Federacións deportivas galegas.** Son entidades privadas con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito de actuación que se estende ao territorio galego, no desenvolvemento das competencias que lle son propias. Están integradas por clubs, deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos que promoven, practican ou contribúen ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva. Exercen ademais das súas propias atribucións, por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando en tal caso como axentes colaboradores da Administración Autonómica Galega. As federacións deportivas galegas terán a consideración de entidades de utilidade pública nos termos establecidos na lexislación. Corresponderanlles ás federacións deportivas galegas como competencia exclusiva na súa respectiva modalidade deportiva as seguintes funcións:

- Elaborar os programas de promoción xeral da súa modalidade deportiva no ámbito da Comunidade Autónoma.
- Elaborar as normas técnicas da súa modalidade deportiva e dirixir e regular as actividades propias desta.
- Desenvolver programas de especialización da súa modalidade deportiva.
- Deseñar, elaborar e executar os plans de preparación dos deportistas de alto nivel na súa respectiva modalidade deportiva e as listas destes en colaboración coa Administración deportiva de Galicia e, se é o caso, coa federación española correspondente.
- Colaborar coa Administración autonómica e cooperar coas correspondentes federacións deportivas

españolas, se é o caso, na formación de técnicos deportivos da súa especialidade.

- Organizar e dirixir as competicións de carácter oficial que se desenvolvan no seu ámbito territorial, de acordo coas normas e cos regulamentos autonómicos, estatais e internacionais que sexan aplicables. Expedirán, para estes efectos, as correspondentes licencias deportivas.
- Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como nos seus propios estatutos e regulamentos.
- Resolver en vía de recurso as impugnacións contra os acordos dos órganos dos clubs deportivos que delas dependan.
- Exercer o control das subvencións oficiais que se lles asignen aos clubs deportivos que delas dependan na forma que regulamentariamente se determine.
- Designar os/as deportistas da súa modalidade que integrarán a selección galega, para a cal os clubs deberán poñer á disposición da federación os/as deportistas elixidos/as.
- Representar a Galicia en actividades e competicións deportivas de carácter estatal ou supraestatal organizando as seleccións galegas.
- Colaborar coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte na idade escolar.
- Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Colaborar coa Administración deportiva de Galicia e outros órganos competentes da Administración autonómica na prevención, no control e na represión do

uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos no deporte e na prevención e no control da violencia no deporte.

d) **Ligas Profesionais e Sociedades Anónimas Deportivas.**

Os clubs deportivos integrantes dunha liga profesional deberán adoptar a forma xurídica de sociedade anónima deportiva, nos termos establecidos na lexislación vixente. As ligas profesionais teñen personalidade xurídica propia e gozan de autonomía para a súa organización interna e funcionamento.

e) **Entidades de fomento deportivo.** Son asociacións constituídas por persoas físicas que teñan por finalidade exclusiva a promoción e organización de actividades deportivas con fins lúdicos, formativos, recreativos ou sociais, e que en ningún caso entren en concorrencia coa actividade propia das federacións deportivas galegas. Non poden ter finalidade de lucro e un número menor de 6.000 asociados.

As figuras asociativas que establecía a Lei Galega do Deporte desenvolvéronse na súa maioría, excepto as entidades de fomento deportivo que dadas as súas características e as características do noso territorio e poboación non poideron desenvolverse.

Os clubs deportivos supoñen xunto cos seus deportistas a célula social básica, a través da cal se conseguen normalizar a accesibilidade á práctica deportiva, aínda que non supón a única vía para desenvolver a práctica físico-deportiva, moi especialmente nos últimos tempos cando, como dicíamos anteriormente, están emerxendo considerablemente as empresas deportivas.

O grande desenvolvemento das empresas deportivas ten lugar de forma tan rápida, desde o noso punto de vista por varios motivos:

- Porque a maioría dos clubs deportivos galegos, caracterizados pola colaboración activa dos seus asociados e voluntarismo no desenvolvemento das funcións para o que se configuraron, non apostaron aínda por avanzar na profesionalización das súas estruturas incorporando persoal titulado e especializado.
- Porque o persoal titulado e especializado con iniciativa polo que non apostaron nas súas estruturas os clubs deportivos, conformaron empresas deportivas coas que poder levar á práctica as súas inquietudes, ademais por suposto, de establecer o seu modo de vida.
- As propostas que ofrecen moitas das empresas deportivas son novedosas e atractivas para todos os públicos.
- As dificultades de financiación dos clubs deportivos impide que poidan levar a cabo iniciativas que non estean subvencionadas. A isto hai que engadir as dificultades crecentes que o lexislador establece nos procedementos para o outorgamento e xustificación das subvencións e axudas públicas, o cal motiva que os clubs deportivos non aposten por implantar novas iniciativas.

Pola súa banda, as Agrupacións Deportivas Comarcais teñen cada vez máis protagonismo no desenvolvemento da Competición Deportiva en Idade Escolar e na nova proposta da Dirección Xeral para o Deporte (Deporte na Escola).

As Federacións Deportivas Galegas formáronse historicamente como institucións privadas especificamente

deportivas, en torno ás cales se define unha estrutura que fai emerxer toda unha serie de relacións, que son esenciais para coñecer a dinámica e evolución do sistema deportivo: estatutos, regulamento de competicións, rede de competencias, modo de representación e formas de financiación. As Federaci3ns Deportivas foron creadas como agrupaci3n de clubs, pero progresivamente asumiron competencias normativas e reguladoras das diferentes competicións que se organizaban, chegando finalmente a constituírse un marco institucional e competencial exclusivo. Daí que poida entenderse como un proceso deportivizador rematado en calquera modalidade ou práctica competitiva cando logra constituírse como Federaci3n Deportiva Galega. Só poderá recoñecerse en Galicia unha federaci3n deportiva galega por cada modalidade deportiva, requiríndose para a súa constituici3n a existencia e práctica habitual e previa da dita modalidade que non estea xa asumida por unha federaci3n deportiva galega. Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as federaci3ns deportivas de diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais, que poderán ter carácter polideportivo. Na actualidade hai 58 Federaci3ns Deportivas Galegas.

Respecto das Ligas Profesionais e as Sociedades Anónimas Deportivas, en Galicia apenas existen unha decena de SADs e non hai Ligas Profesionais Galegas, se ben si hai clubs que participan en Ligas Profesionais.

Sen dúbida, o avance experimentado polo sector da actividade física e o deporte en Galicia, dende a entrada en vigor da Lei Galega do Deporte, obrigaría a recoller na mesma ou noutras complementarias máis elementos que conforman o Sistema Deportivo que os recollidos na Lei, xunto coas súas respectivas funcións.

**c) Consideración de actividade deportiva segundo a Lei.**

- A Lei Galega do Deporte considera actividade deportiva a práctica das modalidades deportivas realizadas por calquera das persoas ou membros das asociacións deportivas descritas no apartado anterior.
- Asemade, a Lei contempla a figura da actividade deportiva de alto nivel, coas vantaxes que este recoñecemento ofrece: *“Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes.”*
- Tipos de actividade deportiva:
  - o Actividade deportiva competitiva.
  - o Actividade de adestramento.
  - o Actividade deportiva non competitiva.
- No sistema deportivo galego actual a actividade deportiva non competitiva é a que está crescendo a pasos axigantados, principalmente as prácticas físico-deportivas no medio natural e os deportes de risco, como alternativa á rutina diaria da vida cotiá. A sociedade actual busca cada vez máis propostas que producen emocións novas, sensacións de superar os riscos e os perigos da súa práctica. É tal a satisfacción persoal que reportan estas iniciativas que incluso moitas empresas utilizan a actividade deportiva de aventura para fomentar a competitividade entre os/as seus/súas traballadores/as así como a satisfacción de poder superar as dificultades que o día a día produce no propio entorno laboral.

**d) Instalacións Deportivas.**

- A Lei Galega do Deporte contempla a creación do Rexistro de Instalacións e Equipamentos Deportivos de Galicia, que se ben as Administracións teñen catalogadas as infraestruturas construídas por elas, existe unha serie de instalacións de titularidade privada que non están rexistradas e/ou catalogadas polas Administracións. En todo

caso, téñense elaborado traballos de análise, cuantificación e cualificación das instalacións deportivas en Galicia.

- Asemade, contéplase a elaboración do Plan Xeral de Instalacións e Equipamentos Deportivos de Galicia, o cal non se chegou a desenvolver.

**e) Formación e investigación deportiva.**

- A administración autonómica elaborará os programas das ensinanzas de técnicos dacordo coas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma.
- A Administración autonómica establecerá programas de formación e perfeccionamento de técnicos en materia deportiva en colaboración coas federacións deportivas galegas.
- A Escola Galega do Deporte, adscrita á Administración deportiva de Galicia, será o centro rector das ensinanzas deportivas no ámbito de Galicia e tamén o centro de documentación deportiva.
- Será competencia da Administración autonómica de Galicia a regulación, dentro do ámbito da presente Lei, das titulacións do ámbito deportivo de Galicia, establecendo os programas, niveis e réxime de acceso que corresponda para cada unha.

Ata o de agora eran as federacións deportivas e os centros de ensino privados ou federativos quenos podían desenvolver a formación de adestradores ou técnicos nas súas respectivas modalidades deportivas. A partir da entrada en vigor do *Real Decreto 1363/2007, de 24 de outubro, polo que se establece o ordenamento xeral das ensinanzas deportivas en réxime especial* os adestradores que obtiñan a súa titulación fóra do ámbito académico, poden agora integrarse no sistema educativo. Asemade, facilítase a incorporación dos deportistas de alto nivel e rendemento a estas ensinanzas concedéndolle valor académico á súa experiencia deportiva. Con este Decreto, outórgaselle ás ensinanzas de réxime especial o carácter oficial e a validez académica que xa recoñeceu a Lei Orgánica de Educación ao

integralas dentro do sistema educativo, dándolle un tratamento similar ao das distintas ensinanzas e incluíndo as ensinanzas deportivas de grao medio na educación secundaria postobrigatoria e as ensinanzas deportivas de grao superior dentro da educación superior. Outro aspecto importante é que se establece o sistema de equivalencias, homologacións e convalidacións que permitirá que os técnicos formados anteriormente nos diferentes niveis, equiparen os seus títulos ás novas ensinanzas oficiais.

No caso de Galicia, hai titulacións que dificilmente se poden desenvolver a través do sistema educativo, fundamentalmente polo escaso número de alumnos/as que estean interesados/as en matricularse para conseguir a titulación deportiva nunha modalidade determinada.

f) **Xustiza Deportiva.**

- Créase o Comité Galego de Xustiza Deportiva como órgano supremo da xustiza deportiva en Galicia, adscrito á Administración deportiva de Galicia.

<b>4. SINGULARIDADES QUE INCIDEN NO DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA DEPORTIVO GALEGO E ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS POLOS ELEMENTOS QUE O CONFIGURAN.</b>
--

- Singularidades que inciden no desenvolvemento do Sistema Deportivo Galego:
  - o Grande dispersión xeográfica respecto doutras Comunidades. Isto dificulta a práctica deportiva.
  - o Esta dispersión xeográfica impide que os poderes públicos invistan na construción de infraestruturas deportivas neses núcleos de poboación ante a ameaza da súa infrautilización. Cada vez máis se aposta pola construción de infraestruturas deportivas en comarcas, que favoreza o uso das mesmas pola poboación dos concellos que conforman esas comarcas.

- A existencia de moitos núcleos de poboación con escasos habitantes impide que o sector privado con ánimo de lucro aposte por eles para a construción-explotación de instalacións deportivas para a práctica físico-deportiva recreativa non institucionalizada.
- En Galicia hai un grande número de núcleos rurais nos que non existe a cultura da práctica físico-deportiva á marxe de dúas ou tres modalidades deportivas.
- Tendo en conta a pirámide de poboación en Galicia no ano 2007 hai case os mesmos habitantes por riba dos 44 anos que por debaixo. Isto implica que o Sistema Deportivo Galego debe ter en conta a estrutura da pirámide de poboación para elaborar a planificación da práctica físico-deportiva en Galicia nos vindeiros anos. A actividade física e o deporte para persoas maiores vai abrir un campo de traballo moi amplo.
- Insuficiente orzamento das administracións públicas para aplicar as políticas deportivas necesarias dadas as características da poboación galega (dispersión xeográfica, etc...)
- As entidades deportivas destinan gran parte do seu orzamento para o deporte profesionalizado ou semiprofesionalizado, xeralmente deportistas de fóra de Galicia, descoidándose en moitas ocasións a formación dos/as deportistas galegos/as do propio club. A consecuencia é que se frea a detección de novos talentos no propio club ou que se vaian a clubs doutras comunidades.
- Dificultades na financiación das asociacións deportivas cunha excesiva dependencia das axudas públicas.
- Escasa profesionalización das asociacións deportivas.
- Escasa planificación a medio e longo prazo da maioría das estruturas deportivas.
- A maioría das estruturas deportivas non están desenvolvendo un sistema de xestión procedimentado, se ben é certo que hai

interese por parte dos directivos para a implantación deste tipo de manuais de xestión.

- Incremento da presenza das empresas deportivas no ámbito da actividade física e do deporte.
  - Ausencia dun marco legal claro na regulación do emprego entre as diferentes titulacións académicas e federativas no ámbito da actividade física e o deporte.
  - Imposibilidade de crear o emprego que demandan cada ano os/as titulados/as que rematan os seus estudos universitarios e de grao medio e superior. Non avanza ao mesmo ritmo a creación de postos de traballo neste ámbito que o número de titulados/as que rematan estudos.
- Actuacións desenvolvidas en Galicia polos diferentes elementos do Sistema Deportivo Galego:
- Sector Público. A súa función principal é o fomento e a regulación da práctica deportiva.
    - Fomento:
      - Subvencións.
      - Promover a formación de técnicos.
      - Construcción de infraestruturas deportivas.
      - Programas deportivos:
        - Competición deportiva en idade escolar.
        - Deporte na escola.
        - Programas de apoio ás Federacións.
        - Programas de tecnificación.
        - Programas de apoio ao alto nivel.
    - Regulación:
      - Lexislación en materia deportiva.
      - Comité Galego de Xustiza Deportiva.
  - Sector Privado, sen ánimo de lucro. Leva a cabo o desenvolvemento e dinamización da actividade física e o deporte. É o elemento fundamental do Sistema.

- Sector Privado mercantil. Contribúen xunto co sector privado sen ánimo de lucro ao desenvolvemento e dinamización da actividade física e o deporte.
  - Empresas prestadoras de servizos ás administracións ou a outras entidades.
  - Empresas promotoras da actividade física e do deporte como alternativa á práctica deportiva estruturada.
- Deportistas e usuarios. Son o núcleo e os principais actores do Sistema Deportivo. Sen a súa actividade non existiría o Sistema Deportivo.

## 5. BIBLIOGRAFÍA.

- ACOSTA HERNÁNDEZ, Rubén. *Dirección, Gestión y Administración de las organizaciones deportivas*. Editorial Paidotribo. Barcelona. Ano 1999.
- CUCHI DENIA, Javier M. *La distribución de competencias deportivas en España*. Editorial Bosch. Barcelona. Ano 2005.
- ESPARTERO CASADO, Julián. *Deporte y Derecho de Asociación (Las Federaciones Deportivas)*. Universidade de León. Ano 2000.
- ESPARTERO CASADO, Julián. *Introducción al derecho del deporte*. Editorial Dikynson. Madrid. Ano 2004.
- GARCÍA FERRANDO, M. *Los españoles y el deporte: prácticas y comportamientos en la última década del siglo XX*. CDS. Madrid. 2001
- Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia.
- MESTRE SANCHO, Juan A. *Planificación Deportiva. Teoría y Práctica*. INDE Publicaciones. Zaragoza, 1995

- PARÍS ROCHE, Fernando. *La planificación estratégica en las organizaciones deportivas*. Editorial Paidotribo. Barcelona. Año 1996.
- WEBS:
  - [www.deportegalego.eu](http://www.deportegalego.eu)
  - [www.csd.mec.es](http://www.csd.mec.es)
  - [www.iusport.es](http://www.iusport.es)
  - [www.ine.es](http://www.ine.es)
  - [www.ige.es](http://www.ige.es)